



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓN
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Conforme ao artigo 46 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, sinala cal é unha característica fundamental do Sistema Nacional de Saúde:

- A) A elaboración dun marco común para a xestión efectiva dos servizos sanitarios privados.
- B) A concentración de recursos sanitarios públicos e privados.
- C) A prestación dunha atención integral da saúde procurando altos niveis de calidade debidamente avaliados e controlados.
- D) A regulación e imposición de cotizacións e taxas para a prestación de servizos sanitarios.

2. Segundo a Constitución Española, o alto comisionado das Cortes Xerais, designado por éstas para a defensa dos dereitos comprendidos no Título I-Dos dereitos e deberes fundamentais, é:

- A) O Defensor do pobo.
- B) O Presidente do Senado.
- C) O Xefe de Estado.
- D) O Presidente do Goberno.

3. Atendendo ao Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, quen se encontre en situación de comisión de servizos:

- A) Pasa á situación de reingreso ao servizo activo.
- B) Ten dereito á reserva da súa praza ou posto de traballo.
- C) Pasa á situación de excedencia voluntaria na súa praza de orixe.
- D) É obrigatorio que participe no próximo concurso de traslados que se celebre para a súa categoría.

4. En relación coa selección de persoal estatutario fixo, e segundo o disposto no artigo 6 do Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, cando as peculiaridades das tarefas específicas que se van desenvolver ou o nivel de cualificación requirida así o aconsellen, a selección poderase realizar por:

- A) O sistema de oposición.
- B) O sistema de concurso-oposición.
- C) O sistema de concurso.
- D) O sistema de promoción interna.

5. Segundo o establecido no artigo 4 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, sinala cal é a definición correcta de "risco laboral":

- A) As máquinas e instrumentos que se utilizan no posto de traballo.
- B) As enfermidades ou patoloxías sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- C) As actividades ou medidas adoptadas para diminuír os riscos do posto de traballo.
- D) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.

6. Segundo a Lei 8/2008, de saúde de Galicia, a qué órgano corresponde a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia?

- A) Ao Consello Consultivo de Galicia.
- B) Ao Ministerio competente en materia de sanidade.
- C) Á Consellería competente en materia de sanidade.
- D) Á Consellería competente en materia de atención cidadá.

7. Atendendo ao Estatuto Marco, indique cal das seguintes retribucións non se considera básica:

- A) Soldo asignado a cada categoría en función do título esixido para o seu desempeño.
- B) Trienios.
- C) Dúas pagas extraordinarias ao ano.
- D) Complemento específico.

8. Segundo a Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, sinala cal das seguintes afirmacións é falsa, respecto do deber de confidencialidade:

- A) Este deber extingúese cando finalice a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento.
- B) Os responsables do tratamento de datos están suxeitos ao deber de confidencialidade.
- C) Os encargados do tratamento de datos están suxeitos ao deber de confidencialidade.
- D) A obriga xeral do deber de confidencialidade será complementaria aos deberes de segredo profesional.

9. Segundo o Estatuto Marco, atendendo ao nivel académico do título esixido para o ingreso, o persoal estatutario sanitario clasifícase en:

- A) Persoal de formación universitaria e persoal de formación profesional.
- B) Persoal médico, persoal de enfermaría e persoal de formación profesional.
- C) Persoal licenciado sanitario e resto de persoal.
- D) Persoal titulado superior e persoal titulado de grao medio.

10. Indique cal das seguintes afirmacións é falsa, respecto ao Parlamento de Galicia, segundo o Estatuto de Autonomía:

- A) É inviolable.
- B) Será elixido por un prazo de cinco anos.
- C) Exerce a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.
- D) Está constituído por Deputados elixidos por sufraxio universal.

Preguntas de reserva

1. Segundo o establecido no Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, non poderá formar parte dos tribunais de selección:

- A) O persoal eventual.
- B) O persoal estatutario fixo.
- C) O persoal funcionario de carreira.
- D) O persoal laboral fixo dos centros vinculados ao Sistema Nacional de Saúde.

2. Das seguintes opcións, sinala cal é a correcta sobre o Servizo Galego de Saúde, segundo o establecido na Lei 8/2008, de saúde de Galicia:

- A) É unha axencia pública.
- B) Está adscrito ao Consello da Xunta.
- C) Non ten plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- D) Está dotado de personalidade xurídica propia.